

MINISTERIO DE FOMENTO

7137 *ORDE FOM/1190/2005, do 25 de abril, pola que se regula a implantación do tacógrafo dixital. («BOE» 105, do 3-5-2005.)*

As modificacións levadas a cabo no Regulamento (CEE) número 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada, que tiveron lugar, basicamente, mediante o Regulamento (CE) número 2135/98 do Consello, do 24 de setembro de 1998, e o Regulamento (CE) número 1360/2002 da Comisión, do 13 de xuño de 2002, polo que se adapta por sétima vez ao progreso técnico o Regulamento (CEE) 3821/85 citado, e cuxo obxectivo último é mellorar as condicións de competencia e seguridade no transporte por estrada, supoñen un salto cualitativo moi significativo en relación co aparello de control ou tacógrafo, como elemento de cohesión social no exercicio da actividade de transporte por estrada.

A implantación do novo tacógrafo dixital, que se efectúa mediante esta orde, precisa do establecemento dos mecanismos necesarios para a súa efectiva posta en funcionamento, de modo que se garanta tanto a seguridade na expedición das novas tarxetas de tacógrafo, como a súa necesaria descarga de datos e a confidencialidade destes.

Deste modo, o capítulo primeiro, relativo ás tarxetas de tacógrafo, establece, basicamente, ademais da súa clasificación, as normas para a súa expedición, renovación e substitución, así como as súas características e prazos de validez.

O capítulo segundo, concernente á transferencia, descarga ou baleirado de datos do tacógrafo dixital, determina como se deben realizar estas operacións, os seus prazos e medios, de maneira que se permita que a información rexistrada na tarxeta do condutor ou na unidade do vehículo se encontre dispoñible para a súa explotación por parte da empresa e, se é o caso, para a Inspección de Transportes.

Por último, no capítulo terceiro, de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase o novo ficheiro sobre xestión de tarxetas de tacógrafo dixital, determinándose as súas características.

Na súa virtude, dispoño:

CAPÍTULO I

Das tarxetas de tacógrafo

SECCIÓN PRIMEIRA

Concepto e clases de tarxetas de tacógrafo

Artigo 1. *Conceptos de tacógrafo dixital e de tarxeta de tacógrafo.*

O tacógrafo dixital ou aparello de control é un aparello destinado a ser instalado en vehículos dedicados ao transporte por estrada, coa finalidade de indicar, rexistrar e almacenar, automática ou semiautomáticamente, datos referentes á marcha dos devanditos vehículos e de determinados tempos de traballo dos seus condutores. As súas características, funcións, condicións de fabricación, funcionamento, homologación, instalación, verificacións, controis e reparacións, encóntranse recollidos no anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada.

A tarxeta de tacógrafo é unha tarxeta intelixente que se utiliza co aparello de control. As tarxetas de tacógrafo comunicanlle ao aparello de control a identidade (ou o grupo de identidade) do titular e permiten a transferencia e o almacenamento de datos. As súas condicións de fabricación, funcionamento, homologación e expedición encóntranse recollidas no anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85 citado no parágrafo precedente.

Artigo 2. *Clases de tarxetas de tacógrafo.*

As tarxetas de tacógrafo poden ser dos seguintes tipos: tarxeta de condutor, tarxeta da empresa, tarxeta de control e tarxeta de centro de ensaio.

A tarxeta de condutor é unha tarxeta de tacógrafo asignada pola autoridade competente a condutores individuais, que identifica estes e permite almacenar datos sobre a súa actividade.

A tarxeta da empresa é unha tarxeta de tacógrafo asignada pola autoridade competente ao titular ou arrendatario de vehículos provistos de tacógrafo dixital. Identifica a empresa e permite visualizar, transferir e imprimir a información almacenada no aparello ou aparellos de control instalados nos vehículos da empresa.

A tarxeta de control é a tarxeta de tacógrafo asignada pola autoridade competente ao persoal da Inspección de Transporte por Estrada ou a outros órganos de control e das forzas e corpos de seguridade encargados da vixilancia e control do transporte por estrada. Identifica o axente de control e o organismo a que pertence, e permite acceder á información almacenada na memoria de datos do tacógrafo dixital ou nas tarxetas de condutor para efectos da súa lectura, impresión ou transferencia.

A tarxeta de centro de ensaio é unha tarxeta de tacógrafo asignada pola autoridade competente a un fabricante de tacógrafos dixitais, a un instalador, a un fabricante de vehículos ou a un centro, debidamente autorizados. Identifica o titular e permite ou ben probar e activar ou ben probar, activar, calibrar e transferir datos ao tacógrafo dixital.

Artigo 3. *Compatibilidade de titularidade de tarxetas de tacógrafo.*

O titular dunha tarxeta de condutor poderá, se é o caso, ser titular dunha ou varias tarxetas de empresa, pero non poderá ser titular de tarxetas de centro de ensaio nin de tarxeta de control.

O titular dunha tarxeta de empresa poderá, se é o caso, ser titular dunha tarxeta de condutor, pero non poderá ser titular de tarxetas de centro de ensaio nin de tarxeta de control.

O titular dunha tarxeta de centro de ensaio non poderá ser titular de tarxeta de condutor, de tarxeta de empresa nin de tarxeta de control.

O titular dunha tarxeta de control non poderá ser titular de tarxeta de condutor, de tarxeta de empresa nin de tarxeta de centro de ensaio.

SECCIÓN SEGUNDA

Das tarxetas de condutor

Artigo 4. *Expedición das tarxetas de condutor –primeira emisión.*

Para a conducción de vehículos dotados de tacógrafo dixital a que fai referencia o anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85 do Consello, do 20 de decembro, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada, será preciso contar coa correspondente tarxeta de condutor, cando este se encontre suxeito ao dis-

posto no Regulamento (CEE) número 3820/85, do Consello, do 20 de decembro, relativo á harmonización de determinadas disposicións en materia social no sector dos transportes por estrada, e no Real decreto 2242/1996, do 28 de outubro, polo que se establecen normas sobre tempos de condución e descanso e sobre uso do tacógrafo no sector dos transportes por estrada.

As solicitudes de outorgamento de novas tarxetas de condutor ou primeira emisión da tarxeta deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo I desta orde. As solicitudes deberanse dirixir ao órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que o solicitante teña a súa residencia normal, facéndose constar os seguintes datos:

1. Nome e apelidos, nacionalidade, sexo, tipo e número de documento de identidade, data de nacemento, domicilio, teléfono e/ou correo electrónico de contacto.

2. Número de permiso de condución, clase, data de validez, país e autoridade que o emitise.

3. Nome e apelidos ou razón social, domicilio, teléfono e/ou correo electrónico de contacto e número de identificación fiscal da persoa que, se é o caso, actúe en representación do solicitante.

4. Lugar e data en que se formula a solicitude.

5. Sinatura do solicitante ou da persoa que actúe na súa representación.

6. Sinatura do titular da tarxeta. O solicitante asinará no recadro situado para tal efecto, sen superar os seus límites. Se o solicitante posúe un certificado da clase 2 con sinatura dixital, emitido por unha autoridade certificadora recoñecida, poderá realizar e presentar a solicitude pola internet. Neste caso a sinatura deberá ter unha resolución mínima de 600 puntos por polgada, recortada a un tamaño de 50 x 11 milímetros, con fondo branco; o ficheiro será en formato TIF ou JPEG, coa máxima compresión que non comprometa a súa calidade.

7. O recadro denominado código de barras poderase utilizar cando o solicitante se conecte pola internet, cubrindo o formulario en pantalla e imprimindo todos os seus datos. Para facilitar a súa captura, os devanditos datos codifícaranse mediante o código de barras bidimensional situado para tales efectos.

8. Especificar se a tarxeta xa confeccionada se entregará por correo e, se é o caso, determinar un domicilio de envío.

9. Na causa da solicitude farase constar que se trata de primeira emisión de tarxeta de condutor.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. DNI, TIE ou pasaporte.

2. Permiso de condución en vigor das clases C, C1, D ou D1, salvo cando figure inscrito no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

3. Acreditación da residencia na provincia en que se presenta a solicitude. Para estes efectos, para os cidadáns de países pertencentes á Unión Europea, será suficiente calquera documento con valor probatorio, e, para os cidadáns de países terceiros, acreditarase a residencia mediante a tarxeta de identidade de estranxeiro (TIE) ou o visado de traballo e residencia, ou ben mediante autorización administrativa para traballar ou outra documentación equivalente expedida conforme a lexislación de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

4. Fotografía actual do solicitante, de tipo carné e coas seguintes características:

Tamaño de 25 x 32 milímetros, en cor, cun fondo uniforme e de ton branco ou claro. A distancia entre o queixo e o nacemento do pelo ou a fronte será de entre 20 e 25 milímetros.

Non deberá aparecer o solicitante con lentes escuras, sombreiro ou calquera outro elemento que oculte total ou parcialmente o rostro.

Se se envía pola internet, a fotografía deberá ter unha resolución mínima de 600 puntos por polgada, recortada a un tamaño de 25 x 32 milímetros, e o ficheiro estará en formato JPEG, cunha compresión que non comprometa a súa calidade.

Unha vez comprobada a adecuación da documentación presentada polo solicitante aos requisitos mencionados, e logo de constitución en parte deste para acreditar a súa identidade, o órgano competente expedirá a correspondente tarxeta de condutor, a cal se lle entregará ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto.

Artigo 5. *Contido, características e prazo de validez das tarxetas de condutor.*

O contido e características das tarxetas de condutor, cuxa validez será de cinco anos, é o que para o efecto se encontra establecido no punto IV do anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85, do 20 de decembro de 1985.

A tarxeta de condutor terá carácter persoal e non poderá ser obxecto, durante o seu prazo de validez, de retirada ou suspensión baixo ningún concepto, a non ser que se comprobe que foi falsificada, que o condutor utilice unha tarxeta da que non é titular ou que se obtivo con declaracións falsas ou documentos falsificados.

O condutor só poderá ser titular dunha tarxeta de condutor. Só poderá utilizar a súa propia tarxeta de condutor personalizada. Non utilizará unha tarxeta de condutor defectuosa ou cuxo prazo de validez caducase ou cuxa perda ou roubo fosen declarados.

Artigo 6. *Renovación de tarxetas de condutor.*

A tarxeta de condutor deberá ser renovada por petición do interesado, ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que o solicitante teña a súa residencia normal, nun prazo máximo de quince días hábiles antes da data de caducidade da tarxeta.

As solicitudes de outorgamento de renovación de tarxetas de condutor deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo I desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 4, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de renovación de tarxeta de condutor por caducidade.

2. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai renovar.

Xunto coa solicitude achegarase a documentación sinalada no artigo 4.

O órgano competente expedirá, logo de comparencia do interesado para acreditar a súa identidade e comprobar o cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta antes da data de caducidade, sempre que a solicitude fose presentada dentro do prazo arriba sinalado. A nova tarxeta terá un prazo de validez de cinco anos e entregaráselle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto.

Artigo 7. *Modificación de datos de tarxetas de condutor.*

No suposto de que con posterioridade á expedición dunha tarxeta de condutor se produzan feitos que supoñan unha modificación dos datos nela contidos, debido a cambio de domicilio, erro en datos da tarxeta ou outra causa, o condutor deberá solicitar, no prazo máximo dun

mes a partir do momento en que se produza a causa determinante da modificación, a súa renovación ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que aquel teña a súa residencia normal.

As solicitudes deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo I desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 4, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de renovación de tarxeta de condutor por modificación de datos.

2. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai renovar.

Xunto coa solicitude achegarase, ademais da documentación sinalada no artigo 4, a xustificación documental que, se é o caso, acredite a modificación de datos solicitada.

O órgano competente expedirá, logo de comparecencia do interesado para acreditar a súa identidade e comprobar o cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta dentro dos quince días hábiles seguintes ao da solicitude. A nova tarxeta terá un prazo de validez de cinco anos e entregaráselle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto. En calquera caso, deberase devolver o orixinal da tarxeta antiga antes da entrega da nova.

Artigo 8. *Substitución de tarxetas de condutor.*

En caso de perda, roubo, deterioración, mal funcionamento ou retirada da tarxeta de condutor, este deberá solicitar, no prazo máximo de sete días naturais a partir do momento en que se produciuse o feito, a súa substitución ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que aquel teña a súa residencia normal.

As solicitudes de outorgamento de substitución de tarxetas de condutor deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo I desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 4, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de substitución de tarxeta de condutor por perda, roubo, deterioración, mal funcionamento ou retirada da tarxeta.

2. Data da perda ou, se é o caso, do roubo.

3. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai substituír.

Xunto coa solicitude achegarase, ademais da documentación sinalada no artigo 4, os documentos que acrediten o roubo ou a retirada, ou unha declaración da perda, deterioración ou mal funcionamento.

O órgano competente expedirá, logo de comparecencia do interesado para acreditar a súa identidade e comprobar o cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da solicitude. A nova tarxeta, que manterá o mesmo prazo de validez da tarxeta anterior, entregaráselle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto. En calquera caso, cando se trate de supostos de deterioración ou mal funcionamento, deberase devolver o orixinal da tarxeta antiga antes da entrega da nova.

Cando a tarxeta perdida ou roubada fose recuperada posteriormente polo seu titular, este deberaa devolver inmediatamente ante o correspondente órgano emisor.

Cando se solicite a substitución dunha tarxeta por perda, roubo, deterioración, mal funcionamento ou reti-

rada despois da data de caducidade dela, a devandita solicitude considerarase como primeira emisión.

Artigo 9. *Troco de tarxetas de condutor.*

Cando o titular dunha tarxeta de condutor válida expedida por un Estado membro fíxase a súa residencia normal en España, poderá solicitar que se lle troque a tarxeta por outra tarxeta de condutor equivalente. Corresponderalle ao órgano competente en materia de transporte por estrada que efectúa o troco comprobar, se for necesario, se a tarxeta presentada está aínda en período de validez.

As solicitudes de outorgamento de tarxetas de condutor por troco deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo I desta orde, dirixido ao órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que o solicitante teña a súa residencia normal, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 4, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de expedición de tarxeta de condutor por troco.

2. País de orixe.

3. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai trocar.

Xunto coa solicitude achegarase, ademais, a documentación sinalada no artigo 4.

O órgano competente expedirá, logo de comparecencia do interesado para acreditar a súa identidade e comprobar o cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta dentro dos quince días hábiles seguintes ao da solicitude. A nova tarxeta terá un prazo de validez de cinco anos e entregaráselle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto. En calquera caso, deberase devolver o orixinal da tarxeta antiga antes da entrega da nova.

SECCIÓN TERCEIRA

Das tarxetas de empresa

Artigo 10. *Expedición das tarxetas de empresa –primeira emisión–.*

As empresas titulares ou arrendatarias de vehículos dotados do aparello de control a que fai referencia o anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85, deberán solicitar, ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que aquelas teñan o seu domicilio fiscal, a correspondente tarxeta ou tarxetas de empresa.

Poderanse solicitar tantas tarxetas como a empresa estime necesarias, ata un máximo de 62.

As solicitudes de outorgamento de novas tarxetas de empresa ou primeira emisión da tarxeta deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo II desta orde, ou pola internet se a empresa ou o seu representante conta cun certificado da clase 2 con sinatura dixital. Nas solicitudes faranse constar os seguintes datos:

1. Nome e apelidos ou razón social, domicilio, teléfono e/ou correo electrónico de contacto e número de identificación fiscal do solicitante.

2. Nome e apelidos ou razón social, domicilio, teléfono e/ou correo electrónico de contacto e número de identificación fiscal da persoa que, se é o caso, actúe en representación do solicitante.

3. Cando a empresa non sexa titular de autorización de transporte, por non ser esta necesaria, matrícula dalgún vehículo de que a empresa dispoña en arrendamento ou do cal sexa titular e para o que se precise tacógrafo.

4. Lugar e data en que se formula a solicitude.

5. Sinatura do solicitante ou da persoa que actúa na súa representación.

6. Número de tarxetas que se solicitan (máximo 62).

7. O recadro denominado código de barras poderase utilizar cando o solicitante se conecte pola internet, cubrindo o formulario en pantalla e imprimindo todos os seus datos. Para facilitar a súa captura, os devanditos datos codificaranse mediante o código de barras bidimensional situado para tales efectos.

8. Especificar se a tarxeta xa confeccionada se entregará por correo e, se é o caso, determinar un domicilio de envío.

9. Na causa da solicitude farase constar que se trata de primeira emisión de tarxeta de empresa.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. DNI, TIE ou CIF.

2. Acreditación do domicilio fiscal.

3. Cando a empresa non sexa titular de autorización de transporte, permiso de circulación dalgún vehículo de que a empresa dispoña en arrendamento ou de que sexa titular e para o que se precise tacógrafo.

Unha vez comprobada a adecuación da documentación presentada polo solicitante aos requisitos mencionados, o órgano competente expedirá a correspondente tarxeta ou tarxetas de empresa, que se lle entregarán ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto.

Artigo 11. *Contido, características e prazo de validez das tarxetas de empresa.*

O contido e as características das tarxetas de empresa, cuxa validez será de cinco anos, é o que para o efecto se encontra establecido no punto IV do anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85.

No suposto de que a empresa deixase de ser titular ou arrendataria de vehículos dotados de aparello de control, deberalle devolver ao órgano emisor a tarxeta ou tarxetas de empresa que lle fosen expedidas.

Artigo 12. *Renovación de tarxetas de empresa.*

As tarxetas de empresa deberán ser renovadas por petición do interesado, ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que a empresa teña o seu domicilio fiscal, nun prazo máximo de quince días hábiles antes da data de caducidade da tarxeta.

As solicitudes de outorgamento de renovación de tarxetas de empresa deberán formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo II desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 10, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de renovación de tarxeta de empresa por caducidade.

2. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai renovar e o número de tarxetas que se solicitan.

Xunto coa solicitude achegarase a documentación sinalada no artigo 10.

O órgano competente expedirá, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos, a nova tarxeta ou tarxetas, antes da data de caducidade sempre que a solicitude fose presentada dentro do prazo sinalado. A nova

tarxeta terá un prazo de validez de cinco anos e entregará-selle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto.

Artigo 13. *Modificación de datos de tarxetas de empresa.*

No suposto de que con posterioridade á expedición dunha tarxeta de empresa se produzan feitos que supoñan unha modificación dos datos nela contidos, debido a cambio de domicilio, cambio de denominación, erro en datos da tarxeta ou outra causa, o titular deberá solicitar, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produza a causa determinante da modificación, a renovación da tarxeta ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que aquel teña o seu domicilio fiscal.

As solicitudes deberán formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo II desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 10, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de renovación de tarxeta de empresa por modificación de datos.

2. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai renovar e o número de tarxetas que se solicitan.

Xunto coa solicitude achegarase, ademais da documentación sinalada no artigo 10, a xustificación documental que, se é o caso, acredite a modificación de datos solicitada.

O órgano competente expedirá, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos, a nova tarxeta ou tarxetas dentro dos quince días hábiles seguintes ao da solicitude. A nova tarxeta terá un prazo de validez de cinco anos e entregará-selle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto. En calquera caso, deberase devolver o orixinal da tarxeta antiga antes da entrega da nova.

Artigo 14. *Substitución de tarxetas de empresa.*

En caso de perda, roubo, deterioración ou mal funcionamento, a empresa titular de tarxetas de empresa deberá solicitar, no prazo máximo de sete días naturais a partir do momento en que se producise o feito, a súa substitución ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que aquela teña o seu domicilio fiscal.

As solicitudes de outorgamento de substitución de tarxetas de empresa deberán formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo II desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 10, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de substitución de tarxeta de empresa por perda, roubo, deterioración ou mal funcionamento.

2. Data da perda ou, se é o caso, do roubo.

3. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai substituír.

Xunto coa solicitude achegarase a documentación sinalada no artigo 10.

O órgano competente expedirá, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta nun prazo de cinco días hábiles a partir da solicitude. A nova tarxeta manterá o mesmo prazo de validez que a substituída, e entregará-selle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto. En calquera caso, cando se trate de supostos de deterioración ou mal funcionamento deberase devol-

ver o orixinal da tarxeta antiga antes da entrega da nova.

SECCIÓN CUARTA

Das tarxetas de centro de ensaio

Artigo 15. *Expedición das tarxetas de centro de ensaio -primeira emisión.*

Poderán solicitar tarxetas de centro de ensaio os fabricantes e os representantes legais de fabricantes estranxeiros de vehículos que teñan instalacións produtivas en España, en cuxos vehículos sexa necesario colocar tacógrafos dixitais; os fabricantes de carrozarías de autobuses e autocares en cuxas carrozarías sexa necesario instalar tacógrafos dixitais; os fabricantes e os representantes legais de fabricantes estranxeiros de tacógrafos dixitais e os seus talleres concesionarios; os talleres de reparación de vehículos das ramas de actividade mecánica ou electricidade e, por último, as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV).

As solicitudes de outorgamento de novas tarxetas de centro de ensaio ou primeira emisión da tarxeta deberán formular ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que o centro se encontre situado, mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo III desta orde. Se o centro de ensaio ou o seu representante conta cun certificado de clase 2 con sinatura dixital, emitido por autoridades recoñecidas, poderá presentar as solicitudes vía internet. Na solicitude faranse constar os seguintes datos:

1. Nome e apelidos ou razón social, domicilio, teléfono e/ou correo electrónico de contacto e número de identificación fiscal do solicitante. Cando se trate de centros do tipo de actividade b), estes datos serán achegados tanto polo centro como polo responsable técnico ou técnico del, así como pola entidade expedidora do certificado de formación do devandito responsable técnico ou técnico do centro e data de emisión.

2. Tipo de centro:

a. Fabricantes e representantes legais de fabricantes estranxeiros de vehículos con instalacións produtivas en España en cuxos vehículos sexa necesario colocar tacógrafos dixitais.

b. Fabricantes de carrozarías de autobuses e autocares en cuxas carrozarías sexa necesario instalar tacógrafos dixitais.

c. Fabricantes e representantes legais de fabricantes estranxeiros de tacógrafos dixitais e os seus talleres autorizados.

d. Talleres de reparación de vehículos das ramas de actividade mecánica ou electricidade.

e. Estacións de inspección técnica de vehículos (ITV).

3. Tipo de actividade:

a. Exclusivamente instalación e activación.

b. Instalación, activación, inspección de instalación e calibración.

4. Órgano que autorizou ao centro e data da autorización ou renovación.

5. Nome e apelidos ou razón social, domicilio, teléfono e/ou correo electrónico de contacto e número de identificación fiscal da persoa que, se é o caso, actúe en representación do solicitante.

6. Lugar e data en que se formula a solicitude.

7. Sinatura do solicitante ou da persoa que actúa na súa representación.

8. Número de tarxetas que se solicitan (máximo 3 se a actividade non inclúe calibración, segundo autorízase o órgano competente en materia de industria).

9. O recadro denominado código de barras poderase utilizar cando o solicitante se conecte pola internet, cubrindo o formulario en pantalla e imprimindo todos os seus datos. Para facilitar a súa captura, os devanditos datos codificaranse mediante o código de barras bidimensional situado para tales efectos.

10. Especificar se a tarxeta xa confeccionada se entregará por correo e, se é o caso, determinar un domicilio de envío.

11. Na causa da solicitude farase constar que se trata de primeira emisión de tarxeta de centro de ensaio.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. DNI, TIE, pasaporte ou CIF, tanto do solicitante como do responsable ou técnico do centro.

2. Autorización expedida polo órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma en que estea situado o taller ou centro.

3. Certificado de formación do responsable técnico ou técnico (este requisito non será necesario cando os solicitantes limiten a súa actividade á instalación e activación do tacógrafo dixital).

Unha vez comprobada a adecuación da documentación presentada polo solicitante aos requisitos mencionados, o órgano competente expedirá a correspondente tarxeta ou tarxetas de centro de ensaio, que se lle entregarán ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto.

Artigo 16. *Contido, características e prazo de validez das tarxetas de centro de ensaio.*

O contido e as características das tarxetas de centro de ensaio, cuxa validez será dun ano, é o que para o efecto se encontra establecido no punto IV do anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85.

Cando se produza a retirada ou suspensión dunha autorización de centro de ensaio, a inhabilitación do responsable técnico ou dalgún dos seus técnicos ou cando estes deixen de prestar servizo no centro, ou se cese na actividade por calquera causa, as tarxetas deberán ser devoltas ao órgano que as emitiu.

Artigo 17. *Renovación de tarxetas de centro de ensaio.*

As tarxetas de centro de ensaio deberán ser renovadas por petición do interesado, ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que o centro se encontre situado, nun prazo máximo de quince días hábiles antes da data de caducidade da tarxeta.

As solicitudes de outorgamento de renovación de tarxetas de centro de ensaio deberán formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo III desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 15, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de renovación de tarxeta de centro de ensaio por caducidade.

2. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai renovar e, se é o caso, o número de tarxetas que se solicitan.

Xunto coa solicitude achegarase a documentación sinalada no artigo 15.

O órgano competente expedirá, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta ou tarxetas, cuxo prazo de validez será dun ano. A nova tarxeta ou tarxetas, que substituirán as antigas, serán expedidas nun prazo de cinco días hábiles a partir da solicitude, e entregadas ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto.

Artigo 18. *Modificación de datos de tarxetas de centro de ensaio.*

No suposto de que con posterioridade á expedición dunha tarxeta de centro de ensaio se produzan feitos que supoñan unha modificación dos datos nela contidos, debido a cambio de domicilio, cambio de denominación, variación no tipo ou actividade do centro, erro en datos da tarxeta ou outra causa, o titular deberá solicitar, no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se producise o feito, a renovación da tarxeta ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que o centro se encontre situado.

As solicitudes deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo III desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 15, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de renovación de tarxeta de centro de ensaio por modificación de datos.
2. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai renovar e, se é o caso, o número de tarxetas que se solicitan.

Xunto coa solicitude achegarase, ademais da documentación sinalada no artigo 15, a xustificación documental acreditativa da modificación de datos solicitada. Esta xustificación documental deberá ter sido previamente aceptada polo órgano competente en materia de industria que concedeu a autorización.

O órgano competente expedirá, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta ou tarxetas, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da solicitude. A nova tarxeta, que substituirá a antiga, manterá o mesmo prazo de validez e entregaráselle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto. En calquera caso, deberase devolver o orixinal da tarxeta antiga antes da entrega da nova.

Artigo 19. *Substitución de tarxetas de centro de ensaio.*

En caso de perda, roubo, deterioración ou mal funcionamento da tarxeta de centro de ensaio o centro deberá solicitar, no prazo máximo de sete días naturais a partir do momento en que se produza o feito, a súa substitución ante o órgano competente en materia de transporte por estrada que corresponda ao lugar en que o centro se encontre situado.

As solicitudes de outorgamento de substitución de tarxetas de centro de ensaio deberanse formular mediante escrito axustado ao modelo que figura como anexo III desta orde, en que se farán constar os datos establecidos no artigo 15, coas seguintes particularidades:

1. Na causa da solicitude farase constar que se trata de substitución de tarxeta de centro de ensaio por perda, roubo, deterioración ou mal funcionamento.
2. Data da perda ou, se é o caso, do roubo.
3. Deberase especificar o número da tarxeta que se vai substituír.

Xunto coa solicitude achegaranse, ademais da documentación sinalada no artigo 15, os documentos que acrediten o roubo ou unha declaración da perda, deterioración ou mal funcionamento, así como comunicación ao órgano competente en materia de industria con aviso de recepción.

O órgano competente expedirá, logo de comprobación do cumprimento dos requisitos, unha nova tarxeta ou tarxetas nun prazo de cinco días hábiles a partir da solicitude. A nova tarxeta, que substituirá a antiga, manterá o mesmo prazo de validez e entregaráselle ao solicitante na oficina emisora ou no domicilio que se determinase para o efecto. En calquera caso, deberase devolver o orixinal da tarxeta antiga antes da entrega da nova.

Cando a tarxeta perdida ou roubada fose recuperada posteriormente, o centro deberaa devolver inmediatamente ante o correspondente órgano emisor.

SECCIÓN QUINTA

Das tarxetas de control

Artigo 20. *Expedición das tarxetas de control.*

Os órganos competentes en materia de transporte por estrada establecerán os mecanismos adecuados para prover o persoal da Inspección de Transporte por Estrada ou outros organismos de control, así como as forzas e corpos de seguridade encargadas da vixilancia e control do transporte por estrada, das correspondentes tarxetas de control, así como para a súa renovación, substitución e modificación de datos.

Artigo 21. *Contido, características e prazo de validez das tarxetas de control.*

O contido e as características das tarxetas de control, que terán validez de cinco anos, é o que para o efecto se encontra establecido no punto IV do anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85.

Cando, por calquera causa, o titular dunha tarxeta de control deixe de prestar servizo para a Inspección do Transporte por Estrada ou outros organismos de control ou as forzas e corpos de seguridade encargadas da vixilancia e control do transporte por estrada, as tarxetas deberanlle ser devoltas ao seu órgano emisor.

CAPÍTULO II

Da transferencia, descarga ou baleirado de datos do tacógrafo dixital

Artigo 22. *Concepto de transferencia de datos e de unidade intravehicular.*

A transferencia, descarga ou baleirado de datos é a copia, xunto coa sinatura dixital, dunha parte ou da totalidade dos datos almacenados na memoria do vehículo ou na memoria dunha tarxeta de tacógrafo. A transferencia non poderá modificar nin borrar ningún dos datos almacenados.

A unidade intravehicular (VU) é o aparello de control, excepto o sensor de movemento e os cables que conectan o devandito sensor. Pódese tratar dunha soa unidade ou de varias unidades repartidas polo vehículo.

O protocolo de transferencia de datos aplicable para os efectos deste título será o recollido no apéndice 7 do anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85.

Artigo 23. Deber de conservación de datos.

Sen prexuízo do establecido nas disposicións vixentes na orde laboral, toda empresa titular ou arrendataria de vehículos dotados de tacógrafo dixital está obrigada a manter, durante un mínimo de 365 días a partir da data do seu rexistro, os datos necesarios para o control do cumprimento do establecido no Regulamento (CEE) número 3820/85 e na Directiva 92/6/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1992, e rexistrados polos aparellos de control na súa memoria, de forma que se poidan facer dispoñibles en condicións que garantan a seguridade e a exactitude deles.

Artigo 24. A descarga, transferencia ou baleirado de datos.

Para lle dar cumprimento á obriga da conservación de datos, periodicamente, e mediante o procedemento que se considere apropiado, a empresa titular de vehículos con tacógrafo dixital procederá á descarga, transferencia ou baleirado de datos da unidade vehicular ou unidades vehiculares e das tarxetas dos seus condutores a calquera medio de almacenamento externo.

Os datos almacenados deben ser transparentes, isto é, durante o almacenamento é preciso respectar a orde dos bytes que se transfiren da tarxeta, así como a orde dos bits dentro de cada byte.

A descarga de datos de cada unidade intravehicular deberase facer, cando menos, nos seguintes prazos ou supostos:

Antes de transferir o vehículo, ou ben a cesión da súa disposición, ou antes de que o vehículo volva ao arrendador no suposto do seu arrendamento.

Cando se detecte un mal funcionamento pero aínda se poidan descargar os datos.

Cando sexa necesario para lles dar cumprimento aos requirimentos da Administración.

Polo menos cada tres meses.

A descarga de datos das tarxetas dos condutores deberase facer, cando menos, nos seguintes prazos ou supostos:

Ao abandonar o condutor a empresa.

Cando sexa necesario para lles dar cumprimento aos requirimentos da Administración.

Cando se produza a caducidade da tarxeta.

Antes da devolución da tarxeta ao órgano emisor cando iso resulte exixible.

Polo menos cada 31 días para garantir que non hai sobreescritura.

Os datos mínimos que hai que descargar ou baleirar serán os seguintes:

a) Datos da tarxeta de condutor:

Todos os arquivos elementais da tarxeta que se transfiren nunha sesión de descarga débense almacenar nun único ficheiro.

Cada ficheiro conterá un conxunto de rexistros lóxicos, que se corresponderán con arquivos elementais da tarxeta e que terán a seguinte estrutura de campos:

Nome	Lonxitude (bytes)	Significado ou valor
FID	2	Identificador do arquivo elemental
Tipo	1	'00' (arquivo elemental)
Lonxitude Datos	2	'01' (sinatura de arquivo elemental)
	[Lonxitude]	Tamaño do arquivo elemental
		Contido do arquivo elemental

Os ficheiros de datos deberán conter os seguintes arquivos elementais:

Arquivo	FID	Descrición
IC	0002	Identificación física da tarxeta.
IC	0005	Identificación do chip.
Application_identification	0500	Versión, tamaño dos rexistros internos....
Card_Certificate	C100	Certificado da tarxeta.
CA_Certificate	C108	Certificado da CIA.
Identification	0520	Número, CIA, data de validez
Card_Download	050E	Data e hora da última transferencia de datos da tarxeta.
Driving_license_info	0521	Número, país de expedición, data de validez
Events_data	0502	Rexistro de incidentes.
Faults_data	0503	Rexistro de fallos.
Driver_Activity_data	0504	Actividade do condutor.
Vehicles_Used	0505	Vehículos utilizados.
Places	0506	Lugares onde comeza ou termina un período de traballo diario.
Current_Usage	0507	Data, hora e vehículo en que se abriu a sesión.
Control_Activity_Data	0508	Actividades de control sobre a tarxeta.
Specific_Conditions	0522	Fóra de ámbito, transbordador,

b) Datos da unidade intravehicular:

Cada ficheiro conterá un conxunto de rexistros lóxicos que terán a seguinte estrutura de campos:

Nome	Lonxitude (bytes)	Significado ou valor
SID	1	Identificador de servizo (fixo a '76').
TREP	1	'01' (Resumo)
		'02' (Actividades)
		'03' (Incidentes e fallos)
		'04' (Datos pormenorizados da velocidade)
		'05' (Datos técnicos).
Datos	[variable]	Contido do rexistro.

Todos os rexistros que se transfiren nunha sesión de descarga débense almacenar nun único ficheiro.

O ficheiro de descarga deberá conter os seguintes rexistros obrigatorios:

Nome	Identificador (TREP)	Significado
D a t o s Resumo.	01	Certificados, identificación do vehículo, bloqueos de tarxetas de empresa, actividades de control.
Actividades.	02	Un rexistro de actividades por cada data de calendario.
Incidentes e fallos.	03	Un rexistro por cada incidente ou fallo.
Datos de velocidade.	04	Datos pormenorizados da velocidade. Un rexistro por segundo.
Datos técnicos.	05	Fabricante da VU, número de serie, versión SW, rexistros de calibración.

Artigo 25. *Integridade, confidencialidade e dispoñibilidade dos datos almacenados polas empresas.*

As empresas titulares ou arrendatarias de vehículos dotados de tacógrafo dixital deberán dispoñer dos mecanismos de seguridade necesarios que garantan as condicións de integridade, confidencialidade e dispoñibilidade dos datos almacenados. En todo caso, deberánse implantar as medidas técnicas e organizativas previstas no Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

Artigo 26. *Disposición de datos para a Administración.*

Toda empresa titular de vehículos dotados de tacógrafo dixital deberá atender os requirimentos de petición de datos solicitados por parte dos órganos competentes en materia de transportes ou outros organismos de control, e deberaos achegar por algún dos seguintes procedementos: soporte físico CD-R ou CD-RW, correo electrónico ou descargando os ficheiros mediante unha páxina Web de descarga. En calquera caso, o formato de ficheiros deberá ser compatible co sistema de ficheiros Windows XP ou equivalente, e para poder verificar a autenticidade e integridade dos datos recibidos, estes remitiranse sempre cunha sinatura dixital engadida, a cal se axustará ao establecido no apéndice 11 do anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85.

Os datos poderanse requirir desagregados por vehículo, condutor ou período de actividade. O nome dos ficheiros terá a seguinte estrutura:

Ficheiros de datos das VU:

V_M...M_C...C_YYYYMMDD_HHMM.TGD

V: identifica o tipo de ficheiro (datos da VU).

M...M: VRN (matrícula do vehículo). Campo de lonxitude variable.

C...C: país con cuxo certificado se asinan os datos da VU. Campo variable de 1 a 3 caracteres. Codificado segundo o anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85 no seu punto 2.71.

YYYYMMDD_HHMM: data e hora en que se realizou a descarga:

YYYY: ano.

MM: mes.

DD: día.

HH: hora.

MM: minuto.

TGD: extensión do ficheiro.

O ficheiro deberá conter datos de actividade de todas as datas incluídas no período que se solicite, en orde cronolóxica.

Ficheiros de datos das tarxetas de condutor:

C_N...N_C...C_YYYYMMDD_HHMM.TGD

C: identifica o tipo de ficheiro (datos dunha tarxeta de condutor).

N...N: número da tarxeta (16 caracteres).

C...C: país emisor da tarxeta. Campo variable de 1 a 3 caracteres. Codificado segundo o anexo I B do Regulamento (CEE) número 3821/85 no seu punto 2.71.

YYYYMMDD_HHMM: data e hora en que se realizou a descarga:

YYYY: ano.

MM: mes.

DD: día.

HH: hora.

MM: minuto.

TGD: extensión do ficheiro.

CAPÍTULO III

Ficheiro sobre xestión de tarxetas de tacógrafo dixital

Artigo 27. *Creación e características do ficheiro sobre xestión de tarxetas de tacógrafo dixital.*

En cumprimento do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, créase o «ficheiro sobre xestión de tarxetas de tacógrafo dixital» cuxas características se sinalan a continuación:

a) Finalidade do ficheiro: servir de soporte á xestión administrativa de outorgamento e expedición de tarxetas de tacógrafo dixital.

b) Persoas sobre as que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos: condutores de vehículos e empresas que, de conformidade coa vixente normativa da Unión Europea, deban ser titulares de tarxetas de tacógrafo dixital.

c) Procedemento de recollida dos datos de carácter persoal: a través dos propios interesados ou dos seus representantes mediante a correspondente solicitude.

d) Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos nel: o ficheiro estruturarase, basicamente, mediante tipos de tarxetas de tacógrafo dixital e titulares delas a través de datos de carácter identificativo (nome, apelidos, enderezo postal e NIF ou CIF).

e) Cesións de datos de carácter persoal e, se é o caso, transferencias de datos que se prevexan a outros países: está prevista a cesión de datos aos órganos competentes en materia de transportes das comunidades autónomas e dos distintos estados membros da Unión Europea, ao persoal da Inspección de Transporte por Estrada ou outros órganos de control, así como ás forzas e corpos de seguridade encargados da vixilancia do transporte por estrada.

f) Órgano da Administración responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Transportes por Estrada do Ministerio de Fomento.

g) Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: Dirección Xeral de Transportes por Estrada (Secretaría Xeral de Transportes –Ministerio de Fomento), Paseo de la Castellana, número 67, 28071 Madrid.

h) Medidas de seguridade con indicación do nivel exixible: nivel básico.

Disposición adicional primeira. Anotacións de orixe e destino do período de traballo diario.

De conformidade co establecido no artigo 15.5 bis do Regulamento (CEE) número 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada, os condutores de vehículos que efectúen un transporte interior deberán anotar, ademais do símbolo do país, o correspondente á comunidade autónoma en que comece e termine o seu período de traballo diario. Para iso anotarán de forma manual, ou automaticamente cando o aparello de control estea conectado a un sistema de localización por satélite, o símbolo correspondente das comunidades autónomas, conforme o establecido no punto 2.87 do apéndice 1 do anexo I B do regulamento citado.

Disposición adicional segunda. Solicitude voluntaria de tarxetas de empresa.

As empresas titulares de vehículos exentos de tacógrafo de acordo coa lexislación vixente poderán, non

obstante, solicitar tarxetas de empresa, de acordo co establecido na sección terceira do capítulo I desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Exhibibilidade das tarxetas de tacógrafo.*

As tarxetas de tacógrafo reguladas nesta orde serán exhibibles a partir da data en que se faga efectiva a obrigatoriedade de que os vehículos sexan matriculados con tacógrafo dixital. Non obstante, as tarxetas poderanse solicitar a partir do día 5 de maio de 2005.

Disposición derradeira segunda. *Protección de datos de carácter persoal.*

As disposicións contidas nesta orde, en canto ao baleirado, transferencia, conservación ou coñecemento de datos de carácter persoal, serán de aplicación sen

prexuízo do cumprimento do establecido na vixente Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira terceira. *Medidas de execución.*

A Dirección Xeral de Transportes por Estrada ditará as instrucións que, se é o caso, resulten precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 25 de abril de 2005.

ÁLVAREZ ARZA

ANEXO I

SOLICITUDE DE TARXETA DE TACÓGRAFO DIXITAL

- 1ª EMISIÓN
- RENOVACIÓN
- SUBSTITUCIÓN
- TROCO

CONDUTOR

DATOS DO SOLICITANTE

Fotografía : <div style="border: 1px solid black; height: 100px; width: 100%;"></div>	Código de barras PDF417: <div style="border: 1px solid black; height: 100px; width: 100%;"></div>	Sinatura do titular : <div style="border: 1px solid black; height: 60px; width: 100%;"></div>
-------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------

NOME : **APELIDO 1°**
APELIDO 2°: **SEXO :** H M **TIPO DOCUMENTO IDENTIDADE :**
Nº DNI/NIE/PASAPORTE : **DATA DE NACEMENTO :** __/__/__ **PAIS DE NACIONALIDADE :**
DOMICILIO : **POBOACIÓN:**.....
C.P.: **PROVINCIA :** **TELÉFONO :** **E-MAIL :**

PERMISO DE CONDUCIR :

NUMERO : **TIPO :** **DATA DE VALIDEZ :** __/__/__ **PAIS EMISOR :**
AUTORIDADE EMISORA :
 XESTORIA **ASOCIACIÓN PROFESIONAL** **REPRESENTANTE**
DOMICILIO :
NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL : **NIF/CIF :**
POBOACIÓN : **C.P.:**
PROVINCIA : **TELÉFONO :** **E-MAIL :**

CUBRIR CANDO PROCEDA

RENOVACIÓN	NÚMERO DA TARXETA : <input style="width: 100%;" type="text"/>
CAUSA DA SOLICITUDE :	<input type="checkbox"/> CADUCIDADE <input type="checkbox"/> MODIFICACIÓN DATOS
SUBSTITUCIÓN	NUMERO DA TARXETA : <input style="width: 100%;" type="text"/>
CAUSA DA SOLICITUDE :	(Se se coñece)
<input type="checkbox"/> PERDA <input type="checkbox"/> ROUBO <input type="checkbox"/> DETERIORACIÓN <input type="checkbox"/> MAL FUNCIONAMENTO <input type="checkbox"/> RETIRADA EN CONTROL	
DATA DA PERDA : __/__/__ DATA DO ROUBO : __/__/__	
TROCO (cambio de país)	
PAIS DE ORIXE :	Nº DE TARXETA TROCADA : <input style="width: 100%;" type="text"/>

ENTREGA DA TARXETA SOLICITADA

¿ENVÍO POR CORREO? SI NON Para poder realizar o envío por correo da tarxeta, será necesario que anteriormente o titular da tarxeta comparecese na oficina provincial de rexistro

DOMICILIO PARA ENVÍO POR CORREO :
 (Se é distinto ao indicado en DATOS DO SOLICITANTE)

POBOACIÓN : **C.P.:** **PROVINCIA :**
 En o de de

Sinatura do condutor ou representante :

ANEXO II

SOLICITUDE DE TARXETA DE TACÓGRAFO DIXITAL

- 1ª EMISIÓN
 RENOVACIÓN
 SUBSTITUCIÓN

EMPRESA

DATOS DO SOLICITANTE

Código de barras PDF417:

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL : NIF/CIF :

DOMICILIO FISCAL :

POBOACIÓN : C.P.:

PROVINCIA : TELÉFONO : E-MAIL :

- NESTORÍA ASOCIACIÓN PROFESIONAL REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL : NIF / CIF :

DOMICILIO :

POBOACIÓN : C.P.:

PROVINCIA : TELÉFONO : E-MAIL :

CUBRIR CANDO PROCEDA

1ª EMISIÓN

NUMERO DE TARXETAS QUE SOLICITA (cun máximo de 62) :

MATRICULA :
 (se a empresa non é titular de autorizacións de transporte). Necesaria para 1ª emisión, substitución e renovación

RENOVACIÓN

NUMERO RAÍZ DA TARXETA : (primeiros 13 caracteres)

INDICE CONSECUTIVO DA TARXETA :
(14º carácter)

0	1	2	3	4	5	6	7	8	9
---	---	---	---	---	---	---	---	---	---

Marcar os cadros que corresponden aos índices consecutivos das tarxetas que se queren renovar

A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T	U	V	W	X	Y	Z
a	b	c	d	e	f	g	h	i	j	k	l	m	n	o	p	q	r	s	t	u	v	w	x	y	z

CAUSA DA SOLICITUDE :

- CADUCIDADE MODIFICACIÓN DATOS

SUBSTITUCIÓN

NÚMERO DA TARXETA (se se coñece) : (Nº completo)

CAUSA DA SOLICITUDE :

- PERDA ROUBO DETERIORACIÓN MAL FUNCIONAMENTO

Data da perda : __/__/__ Data do roubo : __/__/__

ENTREGA DA TARXETA SOLICITADA

¿ENVÍO POR CORREO? SI NON

DOMICILIO PARA ENVÍO POR CORREO :
(Se é distinto ao indicado en DATOS DO SOLICITANTE)

POBOACIÓN : C.P.: PROVINCIA :

En o de de

Sinatura do responsable da empresa ou representante :

ANEXO III

SOLICITUDE DE TARXETA DE TACÓGRAFO DIXITAL

- 1ª EMISIÓN
 RENOVACIÓN
 SUBSTITUCIÓN

CENTROS DE ENSAIO

DATOS DO SOLICITANTE

Código de barras PDF417:

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL DO CENTRO TÉCNICO : NIF/CIF :

TIPO DE CENTRO TÉCNICO : ACTIVIDADE :

DOMICILIO : POBOACIÓN :

C.P.: PROVINCIA : TELEFONO : e-mail :

ÓRGANO QUE AUTORIZA : DATA DE AUTORIZACIÓN OU RENOVACIÓN :

RESPONSABLE OU TÉCNICO DO CENTRO TÉCNICO :

NOME : APELIDO 1º : APELIDO 2º :

Nº DNI/NIE/Pasaporte : CERTIFICADO DE FORMACIÓN (ENTIDADE) :

DATA DE EMISIÓN DO CERTIFICADO :

- XESTORÍA ASOCIACIÓN PROFESIONAL REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL : NIF / CIF :

DOMICILIO : POBOACIÓN :

PROVINCIA : C.P.: TELEFONO : E-MAIL :

CUBRIR CANDO PROCEDA

1ª EMISIÓN

Nº DE TARXETAS (até 3 se a actividade non inclúe calibración) :

RENOVACIÓN

NUMERO RAÍZ DA TARXETA : (primeiros 13 caracteres)

Marcar os cadros que corresponden aos índices consecutivos das tarxetas que se queren renovar (se a actividade non inclúe calibración)

ÍNDICE CONSECUTIVO DA TARXETA :

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

(14º carácter) 0 1 2 3 4 5 6 7 8 9

NUMERO DA TARXETA : (Nº completo, se inclúe calibración)

CAUSA DA SOLICITUDE :

- CADUCIDADE MODIFICACIÓN DATOS

SUBSTITUCIÓN

NUMERO DA TARXETA (SE SE COÑECE): (Nº completo)

CAUSA DA SOLICITUDE :

- PERDA ROUBO DETERIORACIÓN MAL FUNCIONAMENTO

DATA DA PERDA : ___/___/___ DATA DO ROUBO : ___/___/___

ENTREGA DA TARXETA SOLICITADA

¿ENVÍO POR CORREO? SI NON

DOMICILIO PARA ENVÍO POR CORREO :

(Se é distinto ao indicado en DATOS DO SOLICITANTE)

POBOACIÓN : C.P.: PROVINCIA :

En o de de

Sinatura técnico / responsable técnico centro de ensaio ou representante :